

# IES X. NEIRA VILAS

Programación didáctica do departamento de grego

Curso 2020-21

## SUMARIO

- 1-Introdución e consideracions sobre a programación do curso.  
Profesorado que imparte as materias do departamento.
- 2-Relación dos obxectivos de etapa para o bacharelato.
- 3-Estándares de aprendizaxe avaliábeis da materia e a súa concreción con respecto a:
  - a)Obxectivos de etapa / curso.
  - b)Contidos.
  - c)Criterios de avaliación.
  - d)Competencias clave.
  - e)Temporalización.
  - f)Grao mínimo de consecución para superar a materia.
  - g)Procedementos e instrumentos de avaliación.
- 4-Concrecións metodolóxicas.
- 5-Materiais e recursos didácticos.
- 6-Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado.
- 7-Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente.
- 8-Medidas de atención a diversidade.
- 9-Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso.
- 10-Actividades complementarias e extraescolares.
- 11-Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación en relación cos resultados académicos.

1-Introdución e consideracions sobre a programación. Profesorado que impartirá as materias no curso.

Neste curso impártese grego e latín en 1º de Bacharelato e latín en 4º de ESO. O curso pasado non houbo 1º de bacharelato de Humanidades, o que supuso una gran decepción mais tendo en conta as circunstancias acaecidas pódese dicir que foi case una sorte, xa

que os alumnos non arrastran a rémora do confinamento. Todos os alumnos neste curso, iníciáanse no estudo do latín e do grego e, polo tanto, no teñen que recuperar o tempo perdido. Dadas as condicións actuais, compre ter en conta os posibles escenarios que poden acontecer e ter claro o que se vai facer. Sempre é moi útil dispoñer de libro de texto, mais neste caso é imprescindible. Seguirase o orden dos temas de xeito que os alumnos saiban o que se fixo e o que resta por facer. Cada unidade leva 8-10 horas lectivas e farase no bacharelato un exame cada dous temas, o que equivale a dous exames por avaliación e nos días anteriores a mesma, reforzase o visto e darase oportunidade de facer outro exame para aqueles que teñan que recuperar o queiran subir nota. Na ESO as horas semanais son menos e cada tema leva tres ou catro semanas, polo que se fará un exame por tema. No caso de que non se poda facer os exames nas datas sinaladas, os alumnos deberán enviar por correo as actividades que figuran ó final de cada unidade. Como é habitual, terase en conta o traballo do alumno na aula ou na casa .

Escenarios posibles :

1- Clases presenciais: É o mellor escenario . Os alumnos fan a maior parte do traballo na aula, detéctanse as carencias e dificultades inmediatamente, resólvense as dúbidas ó momento e pódese ver o avance do alumno . Os resultados son , tendo en conta os cursos anteriores, os mellores posibles aínda que por mor das medidas de hixiene e protección poida ralentizarse un pouco o desenvolvemento do programa.

2- Clases semi- presenciais: Tamén neste caso pódense acadar bos resultados. O alumno ten que traballar na casa e as clases adócanse a explicacións ( o máis resumidas posible), resolver dúbidas e corrixir os exercicios. A miña experiencia neste tipo de ensinanzas foi con adultos máis a idade dos alumnos que cursan latín e grego, penso que pode ser axeitada tamén para este tipo de ensinanza xa que fomenta a autonomía persoal, a capacidade de reflexión e a responsabilidade.

3- Peche do centro e ensinanza telemática: É un escenario catastrófico. O latín e máis aínda o grego (con un alfabeto distinto) non son materias que se presten a ensinanza telemática e, ademais, agrava o problema a miña carencia de medios e coñecementos tecnolóxicos. Necesitaríase unha persoa máis dixitalizada e con hábitos

e experiencia neste tipo de ensinanza.

Neste curso impartirá as materias de latín e grego ( 11 horas) a profesora Montserrat López .

## 2-Relación dos obxectivos de etapa para o bacharelato:

Os obxectivos que aparecen no Artigo 26 do decreto 86/2015 do 25 de xuño van a ter que aparecer no seguinte apartado da programación sinalados coas letras que os introducen.

a) Exercer a cidadanía democrática, desde una perspectiva global, e adquirir una conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia..

b) Consolidar una madurez persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico.

c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres.

d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe.

e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.

f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou mais linguas estranxeiras.

g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as TIC.

h) Coñecer e valorar críticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución.

i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.

m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.

n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de información e enriquecemento cultural.

ñ) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e impulsar conductas e hábitos saudables.

## 3- Estándares de aprendizaxe avaliáveis da materia e a súa concreción con respecto a: Contidos/ Criterios de avaliación/ Obxectivos de etapa/ Competencias clave.

## GREGO I

### Bloque 1

Estándares de aprendizaxe: Definir o concepto de indoeuropeo.

Coñecer as etapas da lingua grega e a súa evolución desde o micénico ata o grego moderno.

Criterios de avaliación: Explicar a orixe da lingua grega a partir do indoeuropeo e coñecer os principais grupos lingüísticos que compoñen a familia das linguas indoeuropeas./ Identificar exemplos de escritura micénica e alfabética.

Obxectivos: -a-g-h/ -d-h-n.

Competencias clave: CCL.

### Bloque 2

Estándares de aprendizaxe: Explica a orixe do alfabeto grego a partir da adaptación dos signos do alfabeto fenicio./ Identifica e nomea correctamente os caracteres que forman o alfabeto grego na súa forma minúscula e scríbelos e lelos correctamente./ coñece as normas de transcripción de termos gregos./ Coñece o valor e colocación dos acentos, espíritus e demais signos diacríticos e de puntuación. (GR1B2.2.1./ GR1B2.3.1./ GR1B2.5.1./ GR1B2.6.1.).

Contidos: Orixes e evolución do alfabeto grego./ Caracteres do alfabeto grego./ Transcrición dos caracteres gregos./ Signos diacríticos e de puntuación.

Criterios de avaliación: Coñecer a orixe do alfabeto grego./ Coñecer os caracteres do alfabeto grego, escribilos e leelos correctamente./

Coñecer as normas de transcripción e aplicalas para sacar palabras derivadas de termos gregos./ Coñecer acentos, espíritus e demais signos diacríticos .

Obxectivos: -a-d-g-h/ -a-d-e/ -d-e-f.

Competencias clave: CCL.

### Bloque 3

Estándares de aprendizaxe: Distingue una lingua flexiva de outra non flexiva./ Enuncia correctamente diversos tipos de palabras en grego, distinguíndos a partir do seu enunciado e clasificándolos segundo a súa categoría e declinación./ Declina palabras e sintagmas en concordancia ,aplicando correctamente o paradigma de flexión./

Conxuga os tempos verbais en voz activa e media./ Diferencia coxugación e declinación./ Analiza morfolóxicamente e traduce diferentes formas verbais gregas./ Distingue entre formas persoais e

non persoais nos verbos.

Contidos: O grego, lingua flexiva. Tipos de palabras: variables e invariables./ Concepto de declinación: Declinacions, enunciado e paradigmas./ Flexión nominal e pronominal./ Sistema verbal grego. Verbos temáticos e aтемáticos./ Formas verbais persoais e non persoais.

Criterios de avaliación: Coñecer o concepto de flexión lingüística./ Comprender o concepto de declinación./ Coñecer as declinacions e analizar e traducir formas nominais e pronominais./ Conxugar correctamente as formas verbais estudadas./ Diferenciar entre formas persoais e non persoais do verbo.

Obxectivos:-d-e-f-i/-d-e-f/d-e-f/-d-e-f/-d-e-f.

Competencias clave: CCL.

#### Bloque 4

Estándares de aprendizaxe: Analiza morfolóxica e sintácticamente frases e textos sinxelos identificando as categorías gramaticales e explicando as funcións que realizan./ Enumera correctamente os nomes dos casos , as súas funcións e a forma adecuada de traducilos./ Coñece e aplica a concordancia entre nomes e determinantes, así como entre verbos e suxeitos./ Compara e clasifica diferentes tipos de oracions simples e identifica as súas características./ Diferencia as oracions simples das compostas./ Recoñece, analiza e traduce as construccions de infinitivo./ Recoñece, analiza e traduce as construccions de participio./ Identifica e relaciona elementos morfolóxicos da lingua grega para realizar a análise e traducción de textos sinxelos. (GR1B41.1/ GR1B4.2.1GR1B4.3.1/ GR1B4.5.1/ GR1B4.6.1/GR1B4.8.1/ GR1B4.10.1/ GR1B4.11.1).

Contidos: Casos gregos./ Concordancia./ Oración simple: atributivas e predicativas./ Oracions compostas./ Construccions de infinitivo e participio./ Análise e traducción de frases.

Criterios de avaliación: Coñecer e identificar os nomes dos casos gregos e as súas funcións na oración e saber traducir os casos adecuadamente./ Coñecer o concepto de concordancia./ Clasificar os tipos de oración simple e distinguir as oracions simples das compostas./ Identificar as construccions de infinitivo e participio./ Coñecer, comprender e utilizar os elementos da lingua grega e iniciarse na traducción de textos de dificultade progresiva.

Obxectivos:-d-e-f-h-i/-e-f/-e-f/-e-f/-e-f/-e-f/-d-e-f-g-i.

Competencias clave:CCL.

## Bloque 5

Estándares de aprendizaxe: Pode elaborar eixes cronolóxicos nos que se representan fitos históricos relevantes./ Distingue as etapas da historia de Grecia explicando os seus trazos esenciais./ Describe os principais sistemas políticos da antiga Grecia e a súa organización social./ Identifica e diferencia os deuses e héroes da mitoloxía grega./ Recoñece referencias mitolóxicas en diferentes manifestacións artísticas./ Explica as principais características da relixión grega. ( GR1B5.1.2/ GR1B5.1.3/ GR1B5.2.1/ GR1B5.2.2/ GR1B5.6.1/ GR1B5.6.3/ GR1B5.7.1).

Contidos: Períodos da historia de Grecia. /Organización política e social de Grecia./ Mitoloxía e relixión.

Criterios de avaliación: Coñecer os feitos históricos dos períodos da historia de Grecia, encadralos no seu período e realizar eixes cronolóxicos./ Coñecer e comparar as principais formas de organización política e social./ Coñecer os mitos, os deuses e os héroes gregos./ Coñecer as características da relixión grega.

Obxectivos: -g-h/-a-b-h-m/-c-h-ñ.

Competencias clave: CD/ CSC/ CCEC/ CSC/ CCEC/ CCEC.

## Bloque 6

Estándares de aprendizaxe: Utiliza adecuadamente a análise morfo-sintáctica para efectuar a tradución de frases e textos de dificultade graduada./ Utiliza correctamente o dicionario para localizar o significado das palabras. (GR1B6.1.1/ GR1B6.2.1).

Contidos; Iniciación as técnicas de tradución.

Criterios de avaliación: Coñecer e aplicar os coñecementos gramaticais para traducir frases e textos de dificultade apropiada a seu nivel./ Utilizar con corrección manuais e dicionarios.

Obxectivos:-e-f-g-i.

Competencias clave: CCL.

## Bloque 7

Estándares de aprendizaxe: Identifica e explica as palabras de uso máis frecuente e os principais prefixos e sufixos./ Identifica os helenismos máis frecuentes e explica o seu significado remitíndose ós etimos gregos.Relaciona palabras da mesma familia etimolóxica. (GR1B7.1.2/GR1B7.3.1/GR1B7.5.1).

e) Temporalización:

1ª Avaliación

- Bloques 1 y 2.
- O artigo. Os tres xéneros do grego.
- Declinacións: femininos da 1ª declinación e masculinos e neutros da 2ª.
- Presente de Indicativo e infinitivo presente do verbo eimí (ser).
- Pronomes persoais.
- Clasificación dos verbos: temáticos e atemáticos.
- Desinencias do presente de indicativo e infinitivo presente na voz activa.
- Teogonía. Os deuses olímpicos.
- Vocabulario básico.

2ª Avaliación

- 3ª declinación: Temas en consonante e temas en vocal.
- Temas en nt-. Declinación do participio de presente.
- Sintaxe do participio e oracións de infinitivo.
- Preposicións: significados máis usuais. Cambios na forma das preposicións e o seu uso como preverbios.
- O imperfecto. O aumento silábico.
- Civilización minóica: ohéroe Teseo. Civilización micénica: a guerra de Troia.
- Vocabulario básico.

3ª Avaliación

- O imperfecto. O aumento temporal.
- Desinencias do aoristo sigmático e radical no indicativo, infinitivo e participio da voz activa.
- Demostrativos e numerais.
- A voz media: desinencias e posibles traducións.
- Graos do adxectivo.
- As oracións de relativo.
- Etapas na historia de Grecia. A época clásica. Organización social e política en Esparta e Atenas.
- Vocabulario básico.

f) Grao mínimo de consecución para superar a materia:

Os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe indícanos cales son os mínimos para superar a materia. A finalidade da asignatura é chegar a un coñecemento dos mecanismos da lingua grega que permita analizar, traducir e atopar no dicionario os significados das palabras para poder entender e interpretar frases e textos orixinais gregos. A mesma labor de traducción xa demostra o coñecemento do alfabeto grego, o funcionamento dos casos, as diferentes declinacións, o artigo cos tres xéneros, os pronomes e as formas pessoais dos verbos, o procedemento do aumento e os cambios dos preverbios cando teñen que buscar as formas verbais no dicionario. É moi importante, tamén, coñecer as construcións sintácticas dos infinitivos e participios. Os alumnos deben poder analizar e traducir frases adecuadas ao seu nivel, aínda que poñense diferentes tipos de construcións con dificultade progresiva, de forma que o alumno ten que lograr a lo menos resolver a metade de elas. No apartado de vocabulario é preciso coñecer os termos máis utilizados- arredor de 80 palabras -, para aplicar as regras de transcripción e poder sacar derivados. Todo o anterior leva a una maior competencia lingüística, que é a principal finalidade da materia. No que afecta as outras competencias o alumno ten que coñecer os deuses gregos e os principais héroes, a organización política e social da antiga Grecia e as súas etapas históricas.

g) Procedementos e instrumentos de avaliación:

O principal instrumento de avaliación é o exame. Para que se poda facer una boa avaliación dos logros do alumno o exame ten que estar equilibrado, axustado á programación e puntuado de maneira que os alumnos poidan saber o que teñen que conseguir responder acertadamente para superar a avaliación. Os exames terán catro apartados: - Gramática (20%)/- Análise e traducción de frases (40%)/- Vocabulario e derivados (20%)/- Teoría (20%).

Engadir que os alumnos traballan na aula modelos de exame os días previos á súa realización, o que lles serve para autoavaliarse.

## GREGO II

-Estándares de aprendizaxe avaliáveis da materia e a súa concreción con respecto a: Contidos/ Criterios de avaliación/ Obxectivos de etapa/



Competencias clave.

Bloque 1

Estándares de aprendizaxe: Delimita ámbitos dos distintos dialectos gregos, situándoos xeográficamente/ Coñece algunhas palabras básicas do grego moderno e as compara co grego clásico. ( GR2 B1.11/ B1.12 / B1.13).

Contidos: Dialectos literarios e koiné./ Do grego clásico ao moderno.

Criterios de avaliación: Coñecer os dialectos antigos e localizalos nun mapa. Coñecer a evolución da lingua grega.

Obxectivos:-e-f-h/-d-f.

Competencias clave: CCL./CD/CCEC.

Bloque 2

Estándares de aprendizaxe: Recoñece axudándose co dicionario formas nominais ,pronominais e verbais e sinala o seu equivalente en galego o castelán/ Nomea e distingue as categorías gramaticais/ Identifica e distingue formantes, lexemas e afixos./ Detecta a categoría gramatical e os morfemas que conteñen información.

Contidos: Revisión da flexión nominal e verbal./ Análise morfolóxica.

Criterios de avaliación: Identifica, analiza e traduce formas nominais, pronominais e verbais./ Coñece as categorías gramaticais./ Identifica e distingue os formantes das palabras e realiza a análise morfolóxica.

Obxectivos:-d-e-f.

Competencias clave: CCL.

Bloque 3

Estándares de aprendizaxe: Recoñece os valores dos casos gregos, os usos dos pronomes e os valores das preposicions./ Identifica e traduce correctamente os usos modais./ Recoñece, distingue e clasifica os tipos de oracions, nexos subordinantes e as construccions sintácticas gregas para traducilas correctamente./ Coñece, analiza e traduce as construccions coas formas no persoais do verbo.

Contidos: Estudo da sintaxe nominal e pronominal./ Estudo do verbo grego e os usos modais./ Tipos de oracions e construccions sintácticas./ Formas de subordinación./ Análise, traducción e interpretación de textos.

Criterios de avaliación: Recoñece os valores e usos sintácticos dos casos./ Recoñece os usos das preposicions./ Coñece e identifica os usos modais do verbo grego./ Recoñece e clasifica as oracions e os nexos subordinantes./ Recoñece as construccions coas formas no

persoais do verbo./ Aplica os seus coñecementos da lingua grega na traducción e interpretación de textos clásicos.

Obxectivos:-d-e-f-i.

Competencias clave: CCL.

#### Bloque 4

Estándares de aprendizaxe: Describe as características esenciais dos xéneros literarios gregos. Realiza eixes cronolóxicos e situa autores e obras. / Pode establecer paralelismos entre a literatura grega e a posterior./ Nomea autores representativos da literatura grega, encádraos no seu contexto e cita as súas obras mais coñecidas.

Contidos: B4.1 Xéneros literarios: épica, historiografía, drama, lírica, oratoria e fábula.

Criterios de avaliación: Coñecer as características dos xéneros literarios gregos, os seus autores e obras mais significativas./ Analizar e situar no tempo textos mediante lectura comprensiva./ Coñecer os fitos da literatura grega como base da cultura europea e occidental./ Establecer paralelismos entre a literatura clásica e a posterior./ Coñecer os autores fundamentais coas súas obras principais.

Criterios de avaliación: Coñece as características dos xéneros literario gregos, os seus autores e obras mais representativas.

Obxectivos:-d-e-h-i-n.

Competencias clave:CCL/CCEC/CMCCT/CD.

#### Bloque 5

Estándares de aprendizaxe: Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de textos para efectuar correctamente a traducción./ Utiliza con seguridade o dicionario para a traducción de textos e identifica o termo mais apropiado.(GR2B5.1.1/B5.1.2.)

Contidos: B5.1 e 2. Tradución e interpretación de textos gregos. Uso do dicionario.

Criterios de avaliación: Coñecer ,identificar e relacionar os elementos morfolóxicos da lingua grega na traducción de textos./ Utilizar o dicionario e procurar o termo mais apropiado na lingua propia para a tradución.

Obxectivos: -d-e-f-n/ -d-e.

Competencias clave: CCL/CD:

#### e) Temporalización:

##### 1ª Avaliación

- Bloques 1 y 2.
- Repaso dos contidos de grego I, utilizando textos de Xenofonte (Anábase e Helénicas). Comenzarase co artigo e as funcións sintácticas dos casos, as declinacións, adxectivos e pronomes. Os verbos temáticos e atemáticos no presente, imperfecto e aoristo nas voces activa e media. Os infinitivos e participios e as posibles construcións sintácticas. As preposicións e os cambios que poden presentar cando se usan como preverbios.
- Vocabulario básico e derivados.
- A épica. Homero. Argumento e personaxes da Iliada.
- A lírica. Arquíloco. Temas na súa obra.

##### 2ª Avaliación

- Ampliación do tema de aoristo.
- Tema de perfecto.
- Graos do adxectivo.
- Oracións completivas e de infinitivo.
- O modo subxuntivo.
- Vocabulario básico e derivados.
- A lírica. Safo e Alceo. Temática.
- A traxedia. Sófocles. Edipo Rei.

##### 3ª Avaliación

- O modo optativo.
- As oracións adverbiais.
- O imperativo.
- A voz pasiva.
- Vocabulario básico e derivados.
- A comedia. Aristófanes. As Nubes.

#### f) Grao mínimo de consecución para superar a materia:

Os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe indícanos cales son os mínimos para superar a materia. A finalidade da asignatura é chegar a un coñecemento dos mecanismos da lingua grega que permita analizar, traducir e atopar no dicionario os significados das palabras para poder entender e interpretar frases e

textos orixinais gregos. A mesma labor de tradución xa demostra o coñecemento do alfabeto grego, o funcionamento dos casos, as diferentes declinacions, o artigo cos tres xéneros, os pronomes e as formas personais dos verbos, o procedemento do aumento e os cambios dos preverbios cando teñen que buscar as formas verbais no dicionario. É moi importante, tamén, coñecer as construccions sintácticas dos infinitivos e participios. Os alumnos deben poder analizar e traducir textos adecuados ao seu nivel, aínda que poñense diferentes tipos de construccions con dificultade progresiva, de forma que o alumno ten que lograr a lo menos resolver a metade de elas. No apartado de vocabulario é preciso coñecer os términos mais utilizados- arredor de 120 palabras -, para aplicar as regras de transcrpción e poder sacar derivados. Todo o anterior leva a una maior competencia lingüística, que é a principal finalidade da materia. Neste curso, ademais, profundízase nos usos sintácticos dos casos, nas formas irregulares da flexión nominal e pronominal, e nos valores modais do verbo grego, xa que no grego I traballouse únicamente o indicativo. Os diferentes tipos de oracions cos modos verbais e nexos que as introducen é, nos bloques de gramática, a principal diferenza entre o grego I e II. No que afecta a outros bloques de contidos, o alumno debe diferenciar os distintos xéneros literarios e ter coñecemento, a través da lectura, de obras representativas de cada xénero, así como situalas no seu contexto histórico.

#### g) Procedementos e instrumentos de avaliación:

O principal instrumento de avaliación é o exame. Para que se poda facer una boa avaliación dos logros do alumno o exame ten que estar equilibrado, axustado á programación e puntuado de maneira que os alumnos poidan saber o que teñen que conseguir responder acertadamente para superar a avaliación. Os exames terán tres apartados: - Análise e tradución de textos (60%)/- Vocabulario e derivados (20%)/- Teoría (20%).

Engadir que os alumnos traballan na aula modelos de exame os días previos á súa realización, o que lles serve para autoavaliarse.

## LATÍN I

Estándares de aprendizaxe LA1B1.1.1 Recoñece e distingue a partir

do étimo latino termos patrimoniais e cultismos e explica as evolucion que se producen.

Contidos B1.1 Mantenemento de elementos lingüísticos latinos nas linguas modernas, palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos.

Criterios de avaliación B.1.1 Distinguir e identificar palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos.

Obxectivos .d.p

Competencias clave.CCL / CAA/ CCEC.

Estándares de aprendizaxe LA1B12.2 Explica o proceso de evolución de termos latinos as linguas romances.

Contidos B1.2 Evolución fonética do latín ao galego e ao castelán.

Criterios de avaliación B1.2 Coñecer e aplicar as regras de evolución partindo dos étimos latinos.

Obxectivos .d.g.p

Competencias clave CD/ CCL/CAA:

Bloque 2

Estándares de aprendizaxe LA1B2.1.1 Nomea e describe as categorías gramaticais e os trazos que as distinguen.

Contidos B2.1 Morfoloxía nominal e pronominal.

Criterios de avaliación B2.1-B2.4 Coñece as categorías gramaticais. Identifica as formas nominais e pronominais.

Obxectivos .l.d

Competencias claveCAA/ CMCCT /CCL

Estándares de aprendizaxe LA1B2.5.1 Identifica as formas verbais .

Contidos B2.2 Morfoloxía verbal: verbos regulares, formas nominais do verbo.

Criterios de avaliación B2.5 Identifica, conxuga e traduce as formas verbais.

Obxectivos .l.d

Competencias clave CD/ CAA/ CCL

Bloque 3

Estándares de aprendizaxe LA1B3.1.1 Utiliza a análise nominal e pronominal para efectuar correctamente a súa tradución.

Contidos B3.1 Estudo da sintaxe nominal e pronominal.

Criterios de avaliación B3.1 Coñecer e aplicar os coñecementos da sintaxe nominal e pronominal para a tradución de frases latinas.

Obxectivos .e

Competencias clave CCL/CAA

Estándares de aprendizaxe LAB3.2.1 Recoñece e clasifica os tipos de

oracions e as construcións sintácticas latinas básicas e relacionadas con outras linguas que coñeza.

Contidos B3.2 Tipos de oracions e construcións sintácticas.

Criterios de avaliación B3.2 Recoñecer e clasificar as oracions e as construcións sintácticas latinas básicas.

Obxectivos .e

Competencias clave CCL/CCA

Estándares de aprendizaxe LA1B3.4.1 Comprende os conceptos de oración simple, composta, coordinación e subordinación e recoñece os tipos de oracions.

Contidos B3.3 Oración composta: coordinación e subordinación.

Criterios de avaliación B3.4 Comprende e recoñece os diferentes tipos de oracions compostas.

Obxectivos .d

Competencias clave CAA/CCL

Estándares de aprendizaxe LA1B3.5.1 Identifica formas non persoais do verbo e tradúceas.

Contidos B3.4 Construcións de infinitivo e participio.

Criterios de avaliación B3.5 Coñecer as funcións das formas non persoais do verbo.

Obxectivos .e

Competencias clave CCL/CAA

#### Bloque 4

Estándares de aprendizaxe LA1B5.1.1 / 2.1 Utiliza a análise morfo-sintáctica para efectuar correctamente a tradución de frases latinas e usa o dicionario-vocabulario, valorando a información e identificando o termo máis axeitado na lingua propia para una correcta tradución.

Contidos B5.1 Tradución e interpretación de textos latinos.

Criterios de avaliación B4.1 /B4.2 Realizar a tradución de frases latinas e utilizar correctamente o dicionario-vocabulario, procurando o termo máis apropiado para a tradución.

Obxectivos .e.d

Competencias clave CD/CAA/CCL

#### Bloque 5

Estándares de aprendizaxe LAB5.4.1 Sinala sobre un mapa o marco xeográfico no que se sitúa en distintos períodos a civilización romana.

Contidos B5.3 Marco xeográfico e histórico da civilización e da lingua

romana.

Criterios de avaliación B5.4 Coñecer o marco xeográfico e histórico da civilización romana.

Obxectivos .a

Competencias clave CSC

Temporalización

1ª avaliación

Marco xeográfico e histórico da civilización e da lingua latina. Palabras variables e invariables. Morfoloxía nominal e tipos de oracions. 1ª e 2ª declinación. Verbo SUM. Enunciado e conxugación dos verbos regulares en presente e imperfecto de indicativo. Adxectivos de tres terminacións.

Cadro xeral das desinencias da 3ª declinación. Uso sintáctico básico dos casos. Iniciación ao análise morfo-sintáctico e á tradución.

Vocabulario básico latino e nocions de evolución fonética. Palabras patrimoniais e cultismos.

2ª avaliación

Adxectivos e sustantivos da 3ª declinación. A 4ª e a 5ª declinación. Tema de perfecto dos verbos regulares. Pronomes personais e demostrativos.

As formas nominais do verbo: infinitivos e participios. Uso das preposicións. Vocabulario básico e regras de evolución fonética.

3ª Avaliación

Voz pasiva. Construcións sintácticas de infinitivo e participio.

Conxuncións de coordinación e subordinación .O pronome relativo

Principais prefixos e sufixos. Vocabulario básico.

f) Grao mínimo de consecución para superar a materia:

É preciso que o alumno sexa capaz de facer a tradución de un texto, elixindo no dicionario os termos máis adecuados ao autor e contexto e facer un análise morfo-sintáctico correcto sen incurrir en graves erros gramaticais como confusión de xéneros e casos e os valores dos tempos verbais e as construcións sintácticas máis básicas. Deberá coñecer el uso de locucións latinas e diferenciar cultismos e palabras patrimoniais.

Procedementos e instrumentos de avaliación

O exame é o principal instrumento de avaliación. Se o alumno asiste e traballa diariamente na clase non debería de ter problemas para superalo.

Os exames terán a estrutura similar ós de grego e nos distintos apartados haberá varios graos de dificultade.

## LATÍN 4º ESO

### Estándares de aprendizaxe

Temporalización e grao mínimo de consecución para superar a materia:

1.1 Utiliza adecuadamente a análise morfo-sintáctica de frases de dificultade graduada para efectuar a súa tradución.CCL

1.2 Utiliza mecanismos de inferencia para comprender de forma global textos sixeiros.CCL

1.3 Utiliza correctamente o dicionario para localizar o significado de palabras ,identificando o sentido mais adecuado para a tradución.CCL

### 1ª Avaliación

3.1 Le en voz alta textos latinos coa pronuncia correcta.CCL

1.1 Descompón palabras nos seus distintos formantes para identificar desinencias e explicar o concepto de flexión e paradigma.CCL

2.1 Distingue palabras variables e invariables.CCL

3.1 Enuncia correctamente distintos tipos de palabras e a partir do seu enunciado, clasifícaaos segundo a súa categoría e declinación.CCL

4.1 Declina palabras esintagmas en concordancia.CCL

5.1 Identifica as distintas conxugacións verbais e clasifica os verbos a partir do seu enunciado.CCL

1.1 Analiza morfo-sintácticamente frases, identificando categorías gramaticais e explicando as funcións que realizan.CCL

2.1 Enumera correctamente os nomes dos casos, explicando as funcións que realizan na oración.CCL

3.1 Compara e clasifica diferentes tipos de oracións.CCL

7.1 Identifica e relaciona elementos na lingua latina para realizar a análise e a traduciónCCL



1.1 Deduce o significado de termos latinos, partindo do contexto ou da palabras da lingua propia.CCL

1.2 Identifica as palabras de maior frecuencia.CCL

2.1 Identifica a etimoloxía de palabras do léxico común da lingua propia.CCL

2.2 Identifica e diferenza entre cultismos e termos patrimoniais.CCL

## 2ª Avaliación

Os anteriormente citados.

3.2 Distingue diferentes tipos de palabras a partir do seu enunciado.CCL

4.1 Compara e clasifica diferentes tipos de oracions compostas, diferenciandoas das simples.CCL

5.1 Recoñece dentro das frases construcións de infinitivo concertado ,analizando e traducindoas correctamente.CCL

2.1 Realiza comentarios sobre as frases seleccionadas, aplicando os coñecementos adquiridos previamente nesta ou noutras materias.CCL

1.2 Identifica os principais prefixos e sufixos, traducindoos a propia lingua.CCL

## 3ª Avaliación

Reforzo e ampliación dos anteriormente citados.

6.1 Identifica e relaciona elementos morfolóxicos da lingua latina para realizar a análise e tradución de textos sinxelos.CCL

6.1 Recoñece dentro de frases as construcións de participio perfecto concertado, traducindoas de forma correctaCCL

3.1 Localiza nos textos clásicos traducidos a través de una lectura comprensiva o tema principal distinguindo as suas partes.

O principal obxectivo é o coñecemento dos aspectos esenciais do funcionamento da lingua latina e a sua cultura, xa que é a base das linguas romances e da cultura occidental. O coñecemento do funcionamento de una lingua flexiva proporciona a base para o estudo doutras linguas.

O estudo da evolución do latín cos cambios fonéticos, morfosintáticos e semánticos axuda a aumentar o léxico notablemente e comprendelo mellor.

Notarase que a CCL é a principal competencia nesta materia, mais

outras competencias poden ser traballadas nos bloques referidos á civilización, como a dixital e as sociais e cívicas.

Materiais e recursos: Séguese o libro de texto da editorial Edebe, foméntase o uso do dicionario na clase e excepcionalmente, proxéctase algun video educativo dos que ofrece internet.

Criterios de avaliación, cualificación e promoción: Os porcentaxes que se dan no bachalerato para a tradución, gramática, vocabulario e teoría, repítense na ESO, aínda que os niveis de exigencia non teñen moito que ver. Trátase de que o alumnado coñeza o funcionamento da lingua latina como lingua flexiva, millore os coñecementos de gramática e o seu vocabulario . O coñecemento da civilización latina , historia, organización política social, relixión e mitoloxía se traballan na aula dando unas mínimas explicacions e logo os alumnos deben facer traballos sobre eles, investigando e usando as novas tecnoloxías, o que porá supoñer hata o 15% da calificación.

#### 4- Concrecións metodolóxicas:

A metodoloxía no Grego I é moi práctica. Trátase de que os alumnos aprendan a escribir as letras e a ler no novo alfabeto, como os nenos pequenos que comencan a descubrir a escritura, coa dificultade engadida de que non dispoñen da lingua oral. Adícanse as primeiras clases a coñecer o alfabeto, aproveitando a práctica da lectura para ir facendo un vocabulario básico e aplicar as regras de transcripción cos derivados. O mesmo procedemento úsase para as declinacións, os verbos e a práctica no uso do dicionario: explicacións básicas, exemplos de uso máis frecuente e frases que conteñen as estruturas sintácticas máis utilizadas. O alumno ten que practicalas con exercicios que se fan na maioría das veces nas catro horas de clase semanais. No que atañe aos coñecementos teóricos, proporciónase un guión e o alumno debe buscar a información nas TICS ou nos manuais.

A metodoloxía no Grego II é , se cabe, máis práctica que no Grego I. Moitas clases adícanse a intentar facer e correxir a tradución dun texto, previamente sinalado, para ir vendo as dificultades gramaticais e léxicas, aproveitando para explicar novos contidos e repasar os

anteriores. Terán que familiarizarse co vocabulario e recoñecer, segundo o autor, os termos mais axustados para a súa tradución. Sobre os textos se traballarán tamén as regras de transcripción e os derivados. Os textos serán de Xenofonte ( Helénicas e Anábase ), na 1ª e 2ª avaliación e de Platón na 3ª.

No Latín II aplícase a mesma metodoloxía que no Grego II. O curso pasado foi a primeira vez que esta profesora impartió a materia de latín no bacharelato polo que tivo certo carácter experimental, traballouse co libro de texto na primeira avaliación para facer repaso dos contidos de latín I e despois se proporcionaron aos alumnos textos dos autores que entraban nas abau para ver e explicar as construccions que solen aparecer neles.

#### 5- Materiais e recursos didácticos:

É aconsellable dispoñer dun libro de texto Grego I. O libro de editorial Editex ,Griego I usado nos anos anteriores, servirá para que el alumno poida avanzar pola súa conta na materia. É necesario, para facer as traduccions e levar aos exames, un diccionario ,que pode ser o clásico VOX ( griego-español) o, no caso de que se desexe mais simplificado, os léxicos e dicionarios que veñen ao final dos libros de texto. O profesor proporciona os esquemas gramaticais, vocabulario básico, exercicios e demais materiais para seguir o curso. No caso dos contidos relativos a historia e mitoloxía, os alumnos deberían ter mais autonomía persoal e buscar nas TICS ou noutras fontes. Tendo en conta a natureza da asignatura, o encerado e a tiza resultan imprescindibles na aula para as explicaciones do profesor.

No Grego II é aconsellable dispoñer do libro utilizado no Grego I para consulta y repaso. I. É necesario, para facer as traduccions e levar aos exames, un diccionario ,que pode ser o clásico VOX ( griego-español) . O profesor proporciona os esquemas gramaticais, vocabulario básico, exercicios e demais materiais para seguir o curso. No caso dos contidos relativos a historia e literatura os alumnos deberían ter mais autonomía persoal e buscar nas TICS ou noutras fontes. Tendo en conta a natureza da asignatura, o encerado e a tiza resultan imprescindibles na aula para as explicaciones do profesor.

No Latín séguense os libros de texto da editorial edebe en 4º de ESO e no 1º de Bacharelato. O libro de Latín II utilízase na 1º avaliación ,mais para a tradución de textos proporciónanse textos orixinais dos autores elixidos. Como no grego é imprescindible un diccionario. Os

materiais e as indicacions que proporciona o coordinador de Latín para as abau resulta de gran utilidad.

#### 6- Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado:

Trátase de avaliación continua. En xeral, os alumnos logran mellores cualificacions na 1ª avaliación que na última. Por iso ,aínda que é necesario chegar ó cinco na 3ª avaliación para superar a materia, se o alumno levou boas calificacións nas outras ,permítese redondear a nota da 3ª. Nos exames dase maior importancia á labor de traducción e ao coñecemento da lingua grega (60%), mais o alumno pode, se non é capaz de facer todas as frases e os exercicios, completar a súa nota co estudo do vocabulario e da cultura e civilización grega (40%). No grego II e latín II, varían un pouco os porcentaxes ,xa que dase maior importancia a tradución e a gramática (70%), deixando o outro 30% para vocabulario, historia e literatura.

#### 7- Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente:

Os indicadores de logro serven para comprobar o funcionamento da programación e valorar a actuación docente. Tendo en conta as peculiaridades da materia optouse por sinalar os aspectos positivos e negativos en cada apartado.

-Análise e avaliación das aprendizaxes do alumnado:

+ Os alumnos que veñen as clases e traballan un mínimo conseguen un coñecemento básico da lingua grega e latina e a súa civilización. Os resultados nas avaliacións nestes casos solen ser positivos, entre o 90% e o 100% de aprobados.

- Ao començar una nova materia que necesita de una boa base gramatical, fanse mais evidentes os distintos niveis que traen de 4º ESO.

Propostas de mellora: . A mellor forma de que o alumno aprenda é que asista e aproveite as clases, tendo en conta que é un luxo dispoñer de un profesor para tan poucos alumnos e que poda resolver ao momento as dúbidas . É necesario que sexan constantes no aprendizaxe.

-Análise dos procesos de ensino:

+ A planificación do programa é adecuada. Axústase as horas dipoñibles e as distintas necesidades do alumnado. O que se fai en

clase coincide có programado. A distribución de contidos é coherente. A forma de calificar é clara .

- Non se fan actividades interdisciplinares. Os materiais empregados son os tradicionais.

Propostas de mellora: Tendo en conta o contexto académico no que estamos, o uso de ferramentas TIC con actividades para facilitar o aprendizaxe de contidos mais transversais.

-Análise da práctica docente:

+ Moitos anos de experiencia na ensinanza da materia (non serve para o latín). Detéctanse rápidamente as dificultades dos alumnos no aprendizaxe. Visión global e facilidade para adaptarse ao entorno educativo.

- O mesmo que é positivo constitúe tamén un problema. A práctica docente, aínda que foi avanzando e cambiando cos tempos, segue sendo moi tradicional e os materiais, neste mundo que vai tan rápido, poden parecer anticuados.

Propostas de mellora: Faría falta un profesor mais dinámico, que estivera ao tanto das novas tecnoloxías e que fixera progresar aos alumnos facendo mais atractiva e participativa a asignatura.

#### 8- Medidas de atención a diversidade:

A programación pódese adaptar ás distintas características dos alumnos. Os bloques nos que se divide deixan traballar, sempre partendo de explicacións xenerais e contidos mínimos, aqueles aspectos que lle resolten mais fáciles e atractivos ao alumno. As preguntas do examen teñen sempre distintos graos de dificultade.

#### 9- Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso:

Por suposto, tendo en conta a natureza da asignatura, trabállanse a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a autonomía persoal, a educación cívica e a convivencia. Os alumnos poderían facer un traballo sobre a situación da educación na Grecia clásica e en Roma comparándola coa actual. Sería opcional (1 punto máximo na nota final) , usarían as novas tecnoloxías e tratarían moitos dos elementos transversais que se recollen no artigo 4.

10- Actividades complementarias e extraescolares:

Non se fan actividades extraescolares.

11- Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación en relación cos resultados académicos e procesos de mellora:

A maior parte da resposta xa está apuntada nos indicadores de logro. A programación é realista, pódese adaptar as necesidades do alumnado e aos distintos contextos educativos. Poderíase pensar que é pouco ambiciosa, xa que só se pretende lograr un coñecemento básico da asignatura, mais co paso do tempo pérdense os coñecementos específicos - salvo os que seguen co seu estudo - e o que queda é una maior competencia lingüística coa facilidade para comprender conceptos, enriquecemento do vocabulario , coñecemento da súa heredanza cultural, das estruturas sociais e políticas antigas e actuais, capacidade de análese e razoamento lóxico. Ata agora os resultados foron positivos, sen embargo sempre poden aparecer novas dificultades e trátase de facer un seguimento día a día do aprendizaxe dos alumnos e dos puntos que é preciso reforzar.

A Coruña , a 28 de Setembro de 2020

X.D.

Montserrat López Pinal

•





